# TÍTULO II. MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

# III. TÍTULO II. MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

## CAPÍTULO I. **Emprego público**

Artigo 6. *Modifícase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese unha nova letra u) ao número 2 do artigo 14:

"u) A resolución das solicitudes de recoñecemento da progresión acadada na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da presente Lei."

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 25, que queda redactado como segue:

"1. Ao persoal funcionario interino élle aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de funcionario de carreira."

Tres. Modifícase o número 6 do artigo 38, que queda redactado como segue:

"6. As relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poderán prever a clasificación de postos co rango de subdirección xeral ou xefatura de servizo para a súa provisión por persoal sanitario, docente ou da Administración de xustiza."

Catro. Modifícase a letra e) do artigo 60, que queda redactado como segue:

"e) Toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo, que non poderá ser superior a dous anos."

Cinco. Modifícase o artigo 61, que queda redactado como segue:

"A adquisición da condición de persoal funcionario interino exixe, unha vez seleccionado nos termos previstos na alínea primeira do artigo 24, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do requisito establecido na letra d) do artigo 60 e a correspondente toma de posesión."

Seis. Modifícase o artigo 62, que queda redactado como segue:

"A adquisición da condición de persoal eventual exixe, en todo caso, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do requisito establecido na letra d) e a correspondente toma de posesión."

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 80, que queda redactado como segue:

"1. Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización do emprego temporal, un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

a) Posuír a titulación e os demais requisitos exixidos.

b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.

c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria."

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 90, que queda redactado como segue:

"2. O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo.

No suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar nestes concursos, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo desde o momento da devandita adquisición, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización."

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 100, que queda redactado como segue:

"2. O traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable excepcionalmente por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais."

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 102, que queda redactado como segue:

"3. O posto de traballo que se asigne se ocupará con carácter definitivo. Regulamentariamente determinaranse as condicións do traslado previsto neste artigo."

Once. Engádese un número 7 ao artigo 106, que queda redactado como segue:

"7. De conformidade coa lexislación básica estatal, para facer efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de persoal funcionario e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como o persoal funcionario ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que estableza a Administración competente en cada caso.

As ditas medidas serán adoptadas e mantidas no tempo en tanto que resulten necesarias para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente."

Doce. Engádese unha letra p) no número 1 do artigo 185, que queda redactado como segue:

"p) Cometer fraude nun proceso selectivo a través de calquera comportamento tendente a obter anticipadamente as probas, obter mediante dispositivos electrónicos ou utilizando outro tipo de mecanismos os seus resultados no momento da súa realización, ou alterar os resultados das probas unha vez realizadas."

Trece. Engádese unha letra y) ao número 1 do artigo 186, que queda redactado como segue:

y) Cometer fraude nun proceso selectivo a través de calquera comportamento tendente a obter os resultados no momento da súa realización copiándoos doutro aspirante do proceso.

Catorce. Engádese unha letra f) ao artigo 188, que queda redactado como segue:

"f) No caso de sanción pola falta prescrita na letra p) do artigo 185, a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 5 anos."

Quince. Engádese unha letra f) ao artigo 189, que queda redactado como segue:

"f) No caso de sanción pola falta prescrita na letra y) do artigo 186, a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 2 anos."

Dezaseis. Modifícanse os cadros do número 1 da disposición adicional novena correspondentes á escala de enxeñeiros para a creación das especialidades de enxeñaría química e aeronáutica, así coma os cadros relativos á escala de ciencias, para a creación das especialidades de matemáticas e física, engadindo á redacción existente o seguinte:

| DENOMINACIÓN | ESPECIALIDADES | SUBGRUPO | FUNCIÓNS | TITULACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| Escala de enxeñeiros | Enxeñaría química | A1 | - Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo. | Enxeñeiro químico ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro de químico |
| | Enxeñaría aeronáutica | A1 | - Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo. | Enxeñeiro aeronáutico ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro aeronáutico |
| Escala de ciencias | Matemáticas | A1 | - Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación esixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo | Licenciado ou graduado nunha titulación da rama de ciencias |
| | Física | A1 | -Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación esixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo | Licenciado ou graduado nunha titulación da rama de ciencias |

Dezasete. No cadro do número 4.bis, da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no apartado referido á Escala de gardas de recursos naturais, do subgrupo C2, engádese a seguinte función a desempeñar polo persoal desta escala.

"-Recollida e traslado da fauna silvestre".

Dezaoito. Modifícase o número 2 da disposición transitoria primeira bis, que queda redactada como segue:

"2. Coa finalidade de facer posible o cumprimento das normas establecidas nesta lei en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, os principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como para homoxeneizar o réxime xurídico e condicións de traballo aplicables a este, co fin de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos, a Administración expedirá un nomeamento de natureza funcionarial interina, no correspondente corpo ou escala de clasificación, ao persoal laboral temporal que, de acordo co establecido no apartado anterior, ocupe postos previstos como de natureza funcionarial nas relacións de postos de traballo, sempre que reúna os requisitos para a ocupación do posto e fose seleccionado como laboral temporal segundo os procedementos de acceso á condición de laboral temporal establecidos pola normativa vixente.

Este nomeamento requirirá a aceptación do persoal interesado e suporá a novación da relación xurídica existente coa Administración, sen solución de continuidade na prestación dos servizos, e a transformación daquela nun vínculo xurídico de natureza funcionarial interina, rexido pola presente lei. De existir diferenza de retribucións, esta farase efectiva de conformidade co disposto na presente lei."

Dezanove. Modifícase o número 3 da disposición transitoria primeira, que queda redactado como segue:

"3. O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprendido no apartado primeiro desta disposición poderá participar nun proceso selectivo de promoción interna que se convocará polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrencia, en cada un dos corpos ou escalas de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aos que figuren adscritas as funcións que realice ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos esixidos, valorándose para estes efectos como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición.

O persoal laboral fixo que posuíse dita condición no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, e adquirise posteriormente outra categoría profesional como persoal laboral fixo polo procedemento de promoción interna, poderá participar no proceso a que se refire o parágrafo anterior desde esta última categoría profesional."

Vinte. Modifícase a letra f) do número 1 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

"f) O persoal funcionario de novo ingreso e o persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, comezará a consolidar o grao correspondente ao nivel básico do seu corpo ou escala, con independencia do nivel do posto de traballo que pase a desempeñar."

Vinte e un. Modifícase o número 3 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

"3.A norma regulamentaria que desenvolva o sistema de carreira horizontal do persoal funcionario establecerá as equivalencias entre os actuais graos persoais e as novas categorías profesionais e graos de ascenso, de xeito que o persoal afectado se incorpore ao sistema de carreira horizontal con pleno recoñecemento da progresión profesional xa acadada. En todo caso, garantirase ao persoal afectado o nivel retributivo con que conte no momento de implantación do novo sistema."

Vinte e dous. Modifícase o número 4 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

"4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanto non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario da Administración da Xunta de Galicia progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

No regulamento que desenvolva este sistema transitorio poderán fixarse os graos e requisitos para o seu recoñecemento e ascensos, así como a avaliación necesaria da traxectoria e actuación profesional, na que se terán en conta os coñecementos adquiridos, a formación, experiencia e outros méritos e aptitudes que se establezan.

O persoal funcionario que quede encadrado neste sistema poderá percibir, de acordo co que se estableza regulamentariamente, unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, que remunere a progresión profesional acadada.

Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, da presente lei. Tamén percibirán este complemento os liberados sindicais.

O persoal funcionario de carreira que se atope na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería de aplicación de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77, terase en conta o desenvolvemento profesional alcanzado e consolidado de acordo co establecido nesta disposición."

## CAPÍTULO II. **Medio ambiente e territorio**

Artigo 7. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra d) do número 1 do artigo 35, que queda redactada como segue:

"d) Campamentos de turismo coas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido na dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate."

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 42, que queda redactado como segue:

"5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos, por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

Aos efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipamentos ou dotacións públicos os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición."

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 70, que queda redactado como segue:

"3. Así mesmo, nos concellos sen planeamento xeral ou que conten con plan básico municipal, poderán formularse plans especiais que teñan por obxecto crear solo urbano

con destino a usos industriais ou terciarios, a equipamentos públicos ou a construción de vivendas de promoción pública.

Aos efectos do apartado anterior, deberán aplicarse os límites de sustentabilidade previstos no artigo 41.3 para os usos industriais e terciarios e no artigo 41.2 para os usos residencias, e, en todo caso, as reservas previstas no artigo 42.2."

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 143, que queda redactado como segue:

"3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto básico redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel."

Artigo 8. *Modifícase a Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*

A Lei 5/2019, do 2 de agosto de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, queda redactada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 38, que queda redactado como segue:

"1. Corresponde á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural a tramitación dos procedementos de declaración dun espazo natural protexido de ámbito autonómico.

A Administración autonómica poderá promover ante os organismos que corresponda a declaración doutras figuras de protección de ámbito supraautonómico".

Dous. Engádese un número 3 ao artigo 60, coa seguinte redacción:

"3. No suposto do espazo protexido Rede Natura 2000, o contido mínimo do plan de xestión será o seguinte:

a) Delimitación do ámbito territorial.

b) Caracterización socioeconómica.

c) Diagnóstico dos elementos da biodiversidade.

d) Identificación das prioridades de conservación.

e) Obxectivos de conservación do lugar.

f) Medidas de conservación.

g) Zonificación, en caso de considerarse necesaria.

h) Sistema de seguimento do lugar.

i) Valoración económica.

j) Avaliación e indicadores de xestión."

Tres. Modifícase o artigo 68, que queda redactado como segue:

"Artigo 68. Regulación dos usos e actividades

1. Aos efectos da presente lei, os correspondentes instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos clasificarán os posibles usos e actividades a desenvolver no correspondente espazo como permitidos, autorizables ou prohibidos, en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a súa declaración.

2. No caso de que se pretendan desenvolver, no ámbito dun espazo natural protexido, usos ou actividades que non estean previstos no correspondente instrumento de planificación, aplicaranse os criterios establecidos nos artigos 69 a 71, ámbolos dous incluídos, para determinar o réxime xurídico aplicable. En particular, a consellería competente en materia de patrimonio natural, previa comunicación por parte da persoa interesada, determinará se, de conformidade co disposto nos artigos indicados, os ditos usos ou actividades resultan compatibles ou non compatibles cos obxectivos da declaración do espazo natural protexido ou se, deben someterse a un réxime de intervención administrativa co fin de evitar posibles efectos apreciables á conservación dos valores relevantes do espazo natural protexido.

O disposto neste número entenderase sen prexuízo da necesidade de revisión do instrumento de planificación co obxecto de recoller nel os ditos usos e actividades, clasificándoos como permitidos, autorizables ou prohibidos ."

Catro. Engádese un número 3 á disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

"3.Terá a consideración de uso ou actividade autorizable na zona 1 dunha zona especial de conservación ou dunha zona de especial protección para as aves da Rede Natura 2000 a construción de muros de contención e o peche ou valado de terreos gardando as distancias coas vías públicas que regulamentariamente se establezan na lexislación ou na

planificación sectorial vixente. Os peches e valados serán preferentemente vexetais, con especies autóctonas, incluíndo tamén os feitos de madeira ou estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. Nos peches e valados deberán empregarse, de forma preferente, os materiais tradicionais do medio rural no que se empracen, sen que se permita o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, salvo que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, os ditos muros realizaranse de modo que permitan a permeabilidade dos hábitats e o fluxo ou circulación das especies de interese para a conservación, e que non favorezan polo tanto a fragmentación dos ecosistemas nin o illamento das poboacións, colocando os dispositivos necesarios para que cumpran a dita función

Cando os peches destinados á protección do gando ou dos cultivos agrícolas fronte a especies de fauna silvestre empreguen mallas metálicas, estas terán unha altura máxima de 2 metros, cunha separación mínima entre os dous arames horizontais mais baixos de 15 centímetros".

Artigo 9. *Modificación do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe*

O Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe, queda redactado como segue:

Un. Engádese unha disposición adicional, coa seguinte redacción:

"Disposición Adicional. Plans, proxectos ou programas competencia do Estado

Exclúese a aplicación das directrices da paisaxe aos plans, proxectos ou programas que sexan competencia do Estado, en tanto as mesmas directrices no sexan compatibles coa normativa estatal de aplicación".

Dous. Modifícase a disposición transitoria única, que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria única. Incorporación das Directrices de paisaxe a plans e proxectos

A incorporación das Directrices de paisaxe a plans e proxectos rexerase polas seguintes regras:

a) Os instrumentos de planeamento territorial e urbanístico en tramitación que, á entrada en vigor destas directrices, tivesen acadado o informe ambiental estratéxico ou,

no seu caso, tiveran formulado o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, non terán que adaptarse a elas.

b) Os proxectos en tramitación que, á entrada en vigor destas directrices, tivesen acadado o informe de impacto ambiental ou se tivera acordado o seu sometemento a información pública, non terán que incorporar as determinacións das Directrices de paisaxe."

Artigo 10. *Modificación da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*

A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, queda redactada como segue:

Un. Modifícase a letra b), do número 1, do artigo 44, que queda redactada como segue:

"b) Identificación da localización das actuacións obxecto do proxecto, de acordo coa delimitación establecida no correspondente plan sectorial, de ser o caso, ou delimitación do ámbito no caso dun proxecto de interese autonómico non previsto, e descrición dos terreos nel comprendidos e das súas características, usos do solo e aproveitamentos existentes e previstos para o seu adecuado funcionamento.

No caso de proxectos de interese autonómico previstos nun plan sectorial, o proxecto poderá, xustificadamente, reaxustar o ámbito delimitado polo plan, sempre que non supoña unha alteración superior ao 10 % del, mesmo cando o reaxuste afecte a clasificación urbanística do solo, agás que no propio plan sectorial se exima de tal limitación. En todo caso, no procedemento de aprobación do proxecto deberá darse audiencia ás persoas propietarias afectadas."

Dous. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos*

Os procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación do territorio nos que se formulase o informe ambiental estratéxico ou, no seu caso, o documento de alcance, antes da entrada en vigor desta lei, poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva conforme o disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal."

Artigo 11. *Modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra b) do artigo 35 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que queda redactado como segue:

"b) Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico, a realización da información pública e as consultas, desde a notificación ao promotor do documento de alcance, non resultará aplicable o prazo previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, podendo remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica sempre que non transcorresen máis de catro anos desde a notificación ao promotor do documento de alcance ou o prazo que se poida establecer por lei para determinados plans ou programas. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga do dito prazo, que non exceda da metade do mesmo, previa solicitude formulada polo promotor.

Este prazo non será de aplicación na tramitación de instrumentos de planeamento urbanístico, podendo neste caso remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica sempre que se tivesen realizado os trámites anteriores en tempo e forma conforme co disposto na lexislación sectorial aplicable."

Dous. Modifícase o número 2 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación na data de entrada en vigor desta lei ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, aplicarase o prazo establecido no artigo 35.1.b) para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, desde a notificación ao promotor do documento de alcance."

CAPÍTULO III. **Medio rural**

Artigo 12. *Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais man común*

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais man común, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 20, que queda redactado como segue:

"Artigo 20. *Inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños*

1. En situacións xurídicas de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da Comunidade de veciños titular do monte, e ata que, no seu caso, se reconstitúa a comunidade, a defensa dos seus intereses e a xestión cautelar do monte corresponderán ao concello onde radique o monte, que actuará como titular provisional do aproveitamento do monte en beneficio da comunidade.

2. No caso de que o monte se atope situado no territorio de máis dun concello, a xestión cautelar corresponderá a aquel en que se sitúe a súa maior superficie.

3. Considérase que unha comunidade de veciños atópase en situación de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños cando concorra algún incumprimento das esixencias de organización das comunidades previstas no Título IV do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de montes veciñais en man común ou normativa que lle substitúa.

Corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de montes a competencia para declarar a situación de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños, a proposta da persoa titular da dirección xeral que teña as atribucións na mesma materia, quen terá a competencia para a iniciación do procedemento.

4. A xestión cautelar implicará a obrigación para o concello de presentar ante a consellería competente en materia de montes un instrumento de ordenación ou xestión forestal, que deberá ser aprobado polo órgano forestal ou subscribir un contrato temporal de xestión pública co devandito órgano."

Dous. Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

"Artigo 27. *Xestión cautelar*

1. Nos casos de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños a dirección xeral competente en materia de montes comunicará dita inexistencia, extinción ou desaparición ao concello onde radique o monte, ou se o monte se atopase situado

no territorio de máis dun concello, comunicarao ao concello en que se sitúe a maior superficie do monte. Nesta comunicación a dirección xeral concederá ao correspondente concello o prazo de 3 meses para que opte, ben pola xestión cautelar do mesmo, ou ben pola renuncia á devandita xestión.

Se o concello renuncia á xestión cautelar ou non contesta dentro o prazo concedido, o monte será xestionado preventivamente pola consellería competente en materia de montes ata que se reconstitúa a comunidade e se cumpran os requisitos para o reinicio da actividade previstos no punto 4 deste artigo, sempre respectando o estipulado no contrato de xestión pública que, de ser o caso, se formalizase e de conformidade coa normativa vixente.

2. Así mesmo, pasarán a ser xestionados pola consellería competente en materia de montes a través do órgano forestal:

a) aqueles montes respecto dos cales a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia informe á consellería que non existe iniciativa do sector privado, sexa agrogandeira ou forestal, para efectuar a xestión.

b) aqueles montes respecto dos que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia emita un informe técnico en que xustifique que razóns de índole técnica, agronómica ou forestal, limitan ou impidan a aptitude da finca para o seu arrendamento nos destinos e actividades previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, de acordo co previsto no seu artigo 50.e).

3. A consellería competente en materia de montes poderá exercitar a xestión cautelar prevista neste artigo mediante os seus propios órganos ou mediante a súa encomenda a entidades instrumentais do sector público autonómico.

4. Para o exercicio da xestión cautelar a consellería competente en materia de montes mentres non elabore e aprobe o proxecto de ordenación forestal xestionará o monte de acordo cos modelos silvícolas ou de xestión forestal que mellor se axusten ás características do monte. Todos os gastos derivados da xestión cautelar do monte incorporaranse á contabilidade do monte.

5. Para o reinicio da actividade da comunidade veciñal extinguida ou desaparecida deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) A presentación da solicitude por parte dunha xunta provisional do monte veciñal.

b) A acreditación da existencia dunha comunidade veciñal formada por comuneiros de pleno dereito e elección dunha xunta provisional consonte o disposto nesta lei respecto dos órganos das comunidades veciñais.

c) O compromiso notarial da xunta provisional de asunción do estado contable do monte, que implicará o recoñecemento e, no seu caso, devolución da débeda existente, e asunción do instrumento de ordenación ou xestión forestal vixente.

d) No caso de que, como consecuencia da inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade veciñal, o Banco de Terras de Galicia cedese ou arrendase con anterioridade o uso e aproveitamento dos montes a outra persoa ou entidade beneficiaria, o reinicio da actividade solicitada pola xunta provisional non será posible ata o remate da cesión ou arrendamento realizado polo Banco de Terras de Galicia, salvo que exista acordo entre as partes.

Unha vez cumpridos os requisitos previstos neste punto 5, a devolución efectiva do monte veciñal á comunidade quedará condicionada á constitución da Xunta Reitora de conformidade co previsto na normativa de aplicación».

Tres. Modifícase o artigo 28, que queda redactado como segue:

"Artigo 28. *Montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación*

1. Entenderase por monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que, de modo manifesto, sufrise unha grave deterioración ecolóxica, non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva deles.

2.Corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de montes a competencia para declarar por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono ou degradación, por proposta da persoa titular da dirección xeral que teña as atribucións na mesma materia, quen terá así mesmo a competencia para iniciar o procedemento.

Na elaboración da proposta de declaración do estado de grave abandono ou degradación do monte terase en conta o informe emitido polos servizos técnicos da consellería respecto da determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes. No devandito informe consideraranse, entre outros aspectos, os seguintes extremos:

a) O grao de aproveitamento da extensión superficial.

b) O grao de manifesto desuso.

c) O grao de acomodación aos aproveitamentos establecidos en instrumentos de ordenación ou xestión forestal, de ser o caso, independentemente de que se refira a aproveitamentos madeireiros, de pastos ou outros.

d) O carácter depredador producido sobre o monte.

e) O perigo manifesto de degradación das terras.

f) O reiterado incumprimento dos deberes e obrigacións establecidas na normativa vixente.

Unha vez emitido o informe e con carácter previo á elaboración da proposta, darase audiencia á comunidade veciñal para os efectos previstos no artigo seguinte.

3. Durante a tramitación do procedemento poderán adoptarse medidas provisionais relativas á limpeza, mantemento e xestión de biomasa e, de ser o caso, retirada de especies arbóreas, nos termos establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa, así como outras medidas provisionais ou cautelares previstas na normativa de aplicación.

O custo destas medidas repercutirase á comunidade veciñal ou, de ser o caso, á administración á que corresponda a xestión cautelar do monte veciñal.

4. No caso de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños non se aplicará o disposto nos puntos anteriores deste artigo, senón as previsións contempladas nos artigos 20 e 27 desta lei."

Catro. Modifícase o artigo 29, que queda redactado como segue:

"Artigo 29. *Declaración do monte en estado de grave abandono ou degradación*

O procedemento para a declaración dun monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación, iniciado pola Dirección Xeral competente en materia de montes de conformidade co disposto no artigo anterior, desenvolverase conforme aos seguintes trámites:

a) Unha vez emitido o informe a que se refire o apartado 2 do artigo 28, a consellería, conxuntamente co trámite de audiencia, requirirá á comunidade de veciños para que presente un instrumento de ordenación ou xestión forestal no que se exprese o prazo para a súa execución ou ben opte por algunha das seguintes alternativas:

1º Presentación da documentación acreditativa de ter subscrito un acto de disposición voluntario en favor de terceiros dos previstos no Título I desta lei ou no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de montes veciñais en man común.

2º Solicitude da incorporación voluntaria do monte ao Banco de Terras de Galicia.

b) Requirida a comunidade, e no marco do trámite de audiencia, esta terá un prazo de tres meses, prorrogable por outros tres, para atender ao devandito requirimento e presentar a documentación correspondente para os efectos do apartado anterior.

c) No caso de que a comunidade presente un instrumento de ordenación ou xestión forestal e este sexa aprobado pola consellería, incluirase esta circunstancia de oficio no Rexistro de Montes Ordenados e declararase a finalización do procedemento, sen prexuízo das facultades de control do cumprimento do devandito instrumento.

De verificarse o incumprimento do devandito instrumento, estarase ao disposto no artigo 83 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e, no caso de que subsistan as condicións para a declaración de grave abandono ou degradación, ditarase resolución sen máis trámite, declarando o monte en estado de grave abandono ou degradación.

d) No caso de que a comunidade non presentase o instrumento ou de que non fose aprobado o presentado por non axustarse aos obxectivos previstos para conseguir a xestión e mellora integral do monte e que a comunidade tampouco optase pola alternativa de presentación da documentación acreditativa de ter subscrito un acto de disposición voluntario en favor de terceiros prevista no apartado a). 1º deste artigo, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de montes elevará á persoa titular da súa consellería a proposta para que o monte sexa declarado en estado de grave abandono ou degradación e seguirase o procedemento previsto no artigo 30 desta lei.

e) No caso de que a comunidade optase pola alternativa de presentar a documentación acreditativa de ter subscrito un acto de disposición voluntario en favor de terceiros prevista no artigo 29.a)1ºdeclararase a finalización do procedemento por esta circunstancia.

f) No caso de que a comunidade optase pola alternativa de solicitar a incorporación voluntaria do monte ao Banco de Terras, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de montes elevará á persoa titular da súa consellería a proposta para que o monte sexa declarado en estado de grave abandono ou degradación e seguirase o procedemento previsto no artigo 30 desta lei.”

Cinco. Modifícase o artigo 30, que queda redactado como segue:

“Artigo 30. *Incorporación ao Banco de Terras de Galicia*

1. Cando se declare un monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación, a dirección xeral competente en materia de montes acordará a remisión da dita declaración ao Banco de Terras de Galicia, co fin de que a entidade xestora deste poida ceder o seu uso e aproveitamento nos termos previstos pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou norma que a substitúa.

A declaración de monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación substituirá a declaración como predio abandonado regulada na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia ou norma que a substitúa.

2. Na cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais poderá darse prioridade de acceso á condición de cesionario ás agrupacións nas que participen persoas comuneiras do monte veciñal afectado ou a outras comunidades de montes veciñais que teñan acreditada a adecuada xestión dos seus montes e estean rexistradas no rexistro de silvicultores activos. Poderá complementarse a dita prioridade cos criterios de selección previstos para os polígonos agroforestais de interese público regulados na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. En calquera caso, a cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación requirirá a previa presentación pola persoa solicitante ante a consellería competente en materia de montes dun instrumento de ordenación ou xestión forestal para a súa aprobación. A cesión non poderá formalizarse sen que conste a aprobación deste instrumento.

3. Formalizada a cesión do uso e aproveitamento do monte, corresponderá á comunidade de veciños a percepción da contraprestación económica que se prevexa no instrumento de cesión do uso, que será abonada pola persoa beneficiaria da cesión, descontados, de ser o caso, os gastos de xestión realizados pola entidade xestora do Banco de Terras de Galicia. De non existir comunidade de veciños, percibirá a contraprestación a Administración forestal, que a destinará ao fondo de melloras regulado no artigo 124 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

4. A cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación non poderá superar o prazo de 50 anos.

5. A recuperación, por parte dunha comunidade veciñal existente ou que reinicie a súa actividade, da xestión dun monte veciñal declarado en estado de grave abandono ou degradación non poderá ter lugar ata a finalización do período de cesión, arrendamento ou, se é o caso, terminación do contrato temporal de xestión pública que afecte ao devandito monte veciñal e se cumpran as condicións esixidas na normativa de aplicación, de acordo co previsto na Disposición final terceira desta lei."

Seis. Engádese unha disposición final terceira, coa seguinte redacción:

"Disposición final terceira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de montes para concretar mediante orde os extremos determinantes do estado de grave abandono ou degradación dos montes regulados no artigo 28.2 desta lei, así como para concretar as condicións de recuperación reguladas no artigo 30.5 desta lei."

Artigo 13. *Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais*

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 22, que queda redactado como segue:

Artigo 22. *Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas*

«1. As persoas que resulten responsables consonte co artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, durante todo o ano, debendo estar rematada a dita xestión, en todo caso, antes de que finalice o mes de maio de cada ano.

Exceptúanse os supostos en que, pola extensión ou especial dificultade das labores de xestión de biomasa ou retirada de especies, sexa precisa a elaboración dunha planificación anual das actuacións, que terá que ser aprobada pola Administración forestal. Esta planificación coordinarase coa actuación doutras administracións públicas responsables da xestión da biomasa e retirada de especies respecto a infraestruturas da súa titularidade, especialmente atendendo á seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, conforme ao establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa.

A xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas realizarase conforme aos criterios establecidos mediante orde da consellería competente en materia forestal.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 22, que queda redactado como segue:

"2. No suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a Administración pública competente, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación.

Esta comunicación incluirá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o dito prazo, procederase á execución subsidiaria con repercusión dos costes de xestión da biomasa e, se é o caso, decomiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas neste precepto, así como que, ante a falta de atención do dito apercibimento, as obrigas de xestión para os anos seguintes deberán estar completadas antes do primeiro de abril. Así mesmo, nesta comunicación informarase de que a falta de cumprimento das obrigas indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao inicio do procedemento sancionador que

corresponda, no que poderán adoptarse medidas de carácter provisional consistentes en traballos preventivos de xestión de la biomasa e retirada de especies arbóreas co obxecto de evitar os incendios forestais e decomiso das indicadas especies.

Naqueles casos nos que as persoas responsables non tiveran atendido a advertencia que lle efectuaran o ano anterior para o cumprimento das súas obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies, a dita xestión deberá estar finalizada con anterioridade ao primeiro día de abril de cada ano. Transcorrida a dita data e comprobado polos servicios técnicos da administración competente a falta de xestión poderá procederse de modo inmediato, sen máis trámite, á execución subsidiaria dela».

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado como segue:

"3. Cando non se puidese determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, tentada esta, non puidese practicarse a notificación da comunicación prevista no número anterior, farase por medio dun anuncio publicado no "Diario Oficial de Galicia", no "Boletín Oficial do Estado" e no taboleiro de anuncios do concello, e conterá os datos catastrais da parcela. Nestes supostos, o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no "Boletín Oficial do Estado".

No suposto previsto no parágrafo anterior, a publicación no "Diario Oficial de Galicia" non suporá ningún custo para as entidades locais, sen que poida aplicarse ningunha taxa pola devandita publicación.

No caso de que non puidese determinarse a identidade da persoa responsable, poderase promover a investigación da titularidade dos inmobles a que se refire o artigo 19 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, coa aplicación das consecuencias derivadas da tramitación do dito procedemento.

No marco dos procedementos de investigación da titularidade ou mobilización de terras poderanse adoptar medidas provisionais de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas."

Catro. Modifícase a disposición final segunda, que queda redactada como segue:

"Disposición final segunda. Habilitación para o desenvolvemento normativo

«Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento regulamentario e a aplicación desta lei.

Sen prexuízo do anterior, e en atención ás circunstancias de cada ano, que poidan supoñer un incremento do risco de incendio, a consellería competente en materia de

prevención e defensa contra incendios forestais poderá modificar, mediante orde, as datas indicadas nos apartados 1 e 2 do artigo 22 desta lei.»

Artigo 14. *Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 112, que queda redactado como segue:

"4. O material forestal empregado nas repoboacións forestais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como orixe a rexión de procedencia en que se inclúa a superficie que se vai repoboar ou, excepcionalmente, poderá facerse con material procedente doutras rexións de procedencia, previa resolución da administración forestal que autorice a súa utilización, unha vez comprobada a idoneidade e a capacidade de adaptación do dito material forestal."

Dous. Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 123, que queda redactado como segue:

"b) Comunidades de montes veciñais en man común que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sustentabilidade económica, social e ambiental non estea garantida, ou que se atopen en estado de grave abandono ou degradación ou en situación xurídica de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte."

Tres. Engádese a letra g) ao número 1 do artigo 123 á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

"g) Propietarios de montes ou terreos forestais nos que se manifeste un interese público atendendo á existencia neles de infraestruturas, instalacións ou masas e formacións forestais de especial interese, ao seu uso público e/ou outras circunstancias que se determinen regulamentariamente."

Catro. Engádese o número 9 do artigo 123, coa seguinte redacción:

"9. Nos supostos nos que o monte veciñal se encontre en estado de grave abandono ou degradación e a comunidade de veciños non asine o contrato temporal de xestión pública ou ben a súa Asemblea non aprobe o Proxecto de ordenación elaborado, o órgano forestal asumirá a xestión cautelar do dito monte veciñal."

Artigo 15. *Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado como segue:

"Artigo 3. Tipos de procesos de mellora da estrutura territorial agraria

Atendendo o seu carácter, os procesos de mellora da estrutura territorial agraria son:

a) Reestruturación parcelaria de carácter público.

b) Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

c) Procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e coutos mineiros.

d) Actuacións intensivas en zonas rurais."

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 11, que queda redactado como segue:

«4. Publicado o decreto polo que se declara a reestruturación parcelaria dunha zona, o servizo provincial competente por razón da materia elaborará e porá á disposición de todas as persoas interesadas unha listaxe de persoas titulares que desexen adquirir, allear, permutar, arrendar ou ceder o uso ou aproveitamento dos terreos achegados ao proceso.

A inclusión na referida listaxe poderá levarse a cabo ata a declaración da firmeza de bases e será necesario que, xunto coa solicitude, se autorice a Administración ao tratamento dos datos achegados co único fin de facilitalos a terceiras persoas que acrediten o seu interese na adquisición, alleamento, permuta, arredamento ou cesión do uso ou aproveitamento dos terreos afectados polo proceso de reestruturación e incluídos na listaxe elaborada».

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 41, que queda redactado como segue:

"3. Unha vez aprobadas as bases, só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega que se presenten antes da data límite que determine para cada zona a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, por proposta do servizo provincial. Esta resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 desta lei.

Transcorrido o dito prazo e ata o momento de aprobación do acordo, unicamente se admitirán as solicitudes de cambio de titularidade das parcelas de achega, sempre e cando o cambio afecte a totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas sempre. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

Aprobado o acordo de reestruturación, nos casos de compravenda, tramitaranse os cambios de titularidade dos predios de substitución que se presenten antes da data límite que se determine mediante resolución da dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, a proposta do servizo provincial correspondente, e sempre e cando se trate de predios íntegros, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas sempre. Nestes supostos de cambio de titularidade por compravenda esixirase escritura pública e que estea liquidado o correspondente imposto. O cambio de titularidade, en principio, non suporá a alteración da configuración e superficies correspondentes ao novo adxudicatario. O dito cambio implicará a subrogación do adxudicatario na posición da anterior persoa titular coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición de herdanza, procederase á tramitación do cambio de titularidade, ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte parcelas de substitución íntegras. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

Catro. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria primeira. Da irretroactividade da norma

As disposicións que introduce este texto legal aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, esta lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Con independencia da lei que se aplique ao procedemento, resultarán de aplicación as previsións sobre cambios de titularidade reguladas no artigo 41.3 desta lei."

Cinco. Modifícase a disposición transitoria sexta da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que queda redactado como segue:

"Disposición transitoria sexta. Coordinación catastral

1. Ao abeiro do artigo 9.b) da Lei hipotecaria, e de acordo coa normativa hipotecaria, procederase á conversión gráfica dos datos alfanuméricos dos predios de substitución das zonas nas que, á entrada en vigor desta lei, o seu acordo sexa firme ou se outorgase a acta de reorganización da propiedade, sempre e cando non se inscribisen no rexistro da propiedade os títulos dos predios de substitución.

2. A resolución de autorización da conversión gráfica, unha vez acordada pola dirección xeral competente por razón da materia, será obxecto de notificación individual así como de publicación mediante aviso insertado no Diario Oficial de Galicia, na web da consellería e no diario de maior tirada da provincia, así como nos lugares de costume. Contra a dita resolución poderase recorrer consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Terase dereito a compensación no caso de que, como consecuencia da antedita conversión, a atribución das persoas interesadas quede por debaixo do valor reducido correspondente a cada persoa titular, para o cal se empregarán os predios da masa común da zona que sexan necesarios, aínda que sexan titularidade da entidade xestora do Banco de Terras.

4. As actuacións a que se refiren os apartados anteriores deberán levarse a cabo dentro do prazo de sete anos seguintes á entrada en vigor da presente lei.

5. Cumprimentadas as actuacións establecidas nos números 1, 2 y 3 desta disposición, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de concentración e reestruturación parcelaria ditará a correspondente resolución na que manifestará, aos efectos previstos no artigo 9 da Lei hipotecaria, que se estima que existe correspondencia entre a representación gráfica e os datos alfanuméricos das fincas obxecto de inscrición por ser a diferencia de cabida, se existise, igual o inferior ao 10 %."

Artigo 16. *Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Modifícase a letra b) do número 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que queda redactada como segue:

"b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2023, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa o consorcio ou o convenio finalizado. No caso de non se formalizar o devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma; para iso, poderá aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o aboamento total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en

concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

Previamente á cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que garanta a continuidade da xestión forestal sustentable."

Artigo 17. *Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*

Engádese a letra i) ao número 1 do artigo 126 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia coa seguinte redacción:

"i) Concertar contratos temporais cos axentes produtivos, de carácter voluntario, para a execución das obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nesta lei, de acordo coas prioridades que fixe a dita Axencia.

Para estes efectos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobará as condicións xerais en que se realizarán estas obras e os servizos asociados, así como os negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na súa páxina web, e deberán ser aceptadas polos axentes produtivos, en caso de optar pola sinatura dos ditos contratos.

Os investimentos iniciais para as obras e os servizos realizados con cargo a estes contratos poderán ser realizados pola Administración directamente ou por medio dos seus entes instrumentais. Estes investimentos terán a natureza de anticipo reintegrable, e compensaranse con cargo ás tarifas que fixe a Axencia, cuxa contía e prazo de reintegro se determinarán con base á tipoloxía do aproveitamento a realizar.

Esta actividade de prestación de servizos que se pon á disposición dos axentes produtivos terá a consideración de servizo público e rexerase polo disposto nesta lei."

CAPÍTULO IV. **Infraestruturas e mobilidade.**

Sección 1ª Infraestruturas de fomento da mobilidade sostible

Artigo 18 . *Concepto de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible*

Terán a consideración de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible aquelas que contribúan a un maior uso dos modos de transporte non motorizados ou do trans-

porte público colectivo, en detrimento do uso dos vehículos privados de tracción mecánica, tales como vías ou camiños destinados á circulación peonil o de vehículos de tracción humana, como as beirarrúas, as sendas peonís e os carrís para a circulación de bicicletas, os aparcadoiros disuasorios, as plataformas reservadas para o seu uso por parte de vehículos de transporte público colectivo, as paradas e estacións de transporte e, en xeral, todas as que realicen unha función de interconexión entre elas.

Artigo 19. *Proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible*

1. Os proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible consisten no desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle suficiente para facer factible a súa construción e posterior explotación. Para iso, deberán redactarse cos datos e precisión necesarios para permitir executalas obras e explotalas posteriormente sen a intervención das súas persoas autoras.

2. Os proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible deben ser redactados baixo a dirección ou inspección e a supervisión do órgano competente da administración promotora da actuación e serán subscritos por profesional técnico competente.

3. Os proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible incluirán a documentación esixible pola normativa de contratación do sector público, cando vaian a servir de base a unha licitación pública, e, naqueles casos nos que a actuación non viñese prevista no planeamento urbanístico municipal, unha análise da súa incidencia neste, con indicación das determinacións do antedito planeamento que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do proxecto.

Artigo 20. *Información pública e informe das administracións afectadas*

1. Será preceptivo o sometemento dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas no caso da construción de novas infraestruturas de fomento da mobilidade sostible que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

2. O trámite de información pública levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta días hábiles, ampliable a xuízo da administración promotora da actuación, mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados e, como mínimo, en dous medios de comunicación de entre os de máis difusión no ámbito da actuación. A documentación que compón proxecto estará a disposición da cidadanía na sede central da administración promotora da actuación, na sede territorial desta que abranga o ámbito da actuación, se é o caso, e nos concellos afec-

tados. As alegacións presentadas neste procedemento deberán versar sobre a concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, no seu caso.

3. Simultaneamente, os proxectos sometidos ao trámite de información pública aos que se refiren os puntos anteriores tamén se someterán ao informe das administracións territoriais afectadas polo ámbito da actuación para que, nun prazo de trinta días hábiles, ampliable a xuízo da administración promotora da actuación, examinen se o deseño proposto é o máis adecuado para os seus intereses e informen sobre ese aspecto. Transcorrido ese prazo sen que as administracións consultadas emitisen o citado informe, entenderase que amosan a súa conformidade co deseño proposto.

4. Transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás que se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións.

Artigo 21. *Aprobación definitiva*

1. Os proxectos serán aprobados de xeito definitivo, cando non teñan que ser posteriormente sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, polo órgano competente da administración promotora da actuación, logo da emisión do preceptivo informe de supervisión.

2. No caso de proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste. A resolución tamén pode deixar sen efecto a tramitación do proxecto ou parte deste, ou ben pode acordar a suspensión, total ou parcial, da súa tramitación.

Na resolución pódense introducir as prescricións de carácter técnico, social, territorial e de protección ambiental e patrimonial que se consideren necesarias, para ter en conta nos proxectos que desenvolvan posteriormente o proxecto ou, cando aquelas sexan significativas, nun novo proxecto que sexa sometido á mesma tramitación ca o orixinal.

3. No caso de que o informe dalgunha das administracións ás que se lles dese trámite de informe preceptivo expresar de xeito motivado a súa falta de conformidade co deseño proposto no proxecto, o expediente remitirase ao Consello da Xunta de Galicia, que será o competente para emitir a resolución de aprobación definitiva do proxecto, logo do informe da consellaría competente en materia de mobilidade.

4. A aprobación definitiva dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible, cando non estean incluídos no planeamento urbanístico municipal, corresponderalle ao Consello da Xunta de Galicia, logo do informe da consellaría competente en materia de mobilidade no caso de actuacións promovidas polas entidades locais.

Artigo 22. *Efectos da aprobación definitiva*

1. A aprobación definitiva dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, sempre que veñan previstos no seu proxecto, así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

2. As obras relativas aos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible promovidas pola Administración autonómica ou polas entidades locais de Galicia, incluídas todas as actuacións necesarias para a súa execución, constitúen actuacións de interese xeral e, por tanto, non están sometidas a licenza ou a calquera outro acto de control preventivo municipal previsto na lexislación reguladora das bases do réxime local. Para os efectos do previsto neste artigo, enténdense como necesarias para a execución das obras as actuacións derivadas da necesidade de repoñer os servizos afectados, independentemente da súa titularidade.

A execución das devanditas obras, sempre que se realice de acordo cos proxectos aprobados, unicamente poderá ser suspendida pola propia administración promotora ou pola autoridade xudicial.

Artigo 23. *Coordinación co planeamento urbanístico*

As determinacións contidas nos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente. As entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Sección 2ª Infraestruturas complementarias do trasporte de viaxeiros /as por estrada

Artigo 24. *Modificación Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.*

Engádese un novo Capítulo V da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, coa seguinte redacción:

"Capítulo V. Infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada

Artigo 83 Bis. Clases, competencia e ordenación.

1. As infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada clasifícanse en:

a) Estacións de transporte de viaxeiros, que son as infraestruturas que teñen por obxecto a integración da rede de servizos de transporte público facilitando o transbordo entre modos e servizos de transporte, centralizando as súas saídas, chegadas e tránsitos ás poboacións, e prestando actividades de carácter complementario a persoas usuarias e operadores de transporte.

b) Instalacións auxiliares, que son as restantes infraestruturas complementarias ao transporte, e que teñen por obxecto apoiar o adecuado desenvolvemento do transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada. Terán esta consideración as marquesiñas ou refuxios de espera, que teñen como función facilitar as esperas, chegadas e tránsitos das persoas usuarias da rede de transporte público. Terán tamén a consideración de instalacións auxiliares os puntos de información, paneis, postes e instalacións similares de carácter complementario para a ordenación e xestión do transporte.

2. As estacións de transporte de viaxeiros/as deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Accesos para entradas e saídas dos vehículos, configurados de modo que non produzan interferencias entre os mesmos, nin alteracións sensibles na capacidade de circulación normal das vías lindeiras.

b) Accesos independentes para vehículos e persoas.

c) Dársenas cubertas, en número suficiente, para os estacionamentos simultáneos que se precisen.

d) Plataformas cubertas para subida e baixada das persoas usuarias.

e) Zonas de espera para as persoas, cubertas e independentes das plataformas.

f) Instalacións de servizos sanitarios para as persoas usuarias.

g) Dependencias ou instalacións, de uso común ou individualizado, para a facturación, consigna e venda de billetes, así como puntos de información.

h) Servizo de información da totalidade de servizos de transporte que se presten no termo municipal correspondente e, de xeito específico, das chegadas e saídas da propia estación en tempo real. Este servizo poderá ser prestado por medios audiovisuais accesibles e poderá ser consultado polos usuarios nunha páxina web específica da estación de autobuseservizo WIFI.

As estacións de transporte de viaxeiros/as que prestan servizo a menos de dez mil expedicións anuais, estarán eximidas do cumprimento dos apartados c) e g) do punto anterior. En calquera caso, o conxunto de estacións de transporte deberán estar adaptadas para a circulación de persoas con mobilidade reducida.

3. A consellería con competencias en materia de transporte poderá acordar o establecemento de estándares mínimos esixibles para as instalacións auxiliares, tanto de calidade, seguridade e accesibilidade, como de homoxeneidade de deseño, requisitos que serán esixibles para calquera nova dotación que se realice. Igualmente, poderá establecer un inventario de paradas nas que o conxunto de administracións titulares das vías deberán inscribir as dotacións existentes, a súa substitución, a instalación de novas ou calquera incidencia ao respecto.

4. A competencia para o establecemento das estacións de transporte de viaxeiros corresponderá á Comunidade Autónoma ou as entidades locais, que poderán exercela ben de oficio ou a instancia de terceiros interesados.

En caso de iniciativa municipal, deberase presentar para a súa aprobación, ante a consellería competente en materia de transportes, un proxecto que incluirá necesariamente un estudo económico de viabilidade, e un estudo técnico que xustifique a súa dotación como elemento necesario para facilitar a integración de modos e servizos de transporte, a idoneidade da localización elixida, tanto en canto ao seu entroncamento co tecido urbano, minimizando os desprazamentos motorizados, como na planificación urbanística; o estudo técnico incorporará tamén un estudo de tráfico que garanta a suficiencia dos viais existentes, ou que se programen no propio proxecto, tanto para o acceso das persoas usuarias como dos vehículos de transporte público. Igualmente, tamén deberá incorporarse unha proposta de ordenación dos servizos e paradas de transporte público no ámbito municipal que, logo da análise dos puntos de orixe ou destino final dos desprazamentos das persoas

usuarias, garanta a máxima accesibilidade das persoas usuarias do sistema de transporte público sen custos adicionais de carácter temporal nin económico.

O estudo económico de viabilidade deberá concretar os custos económicos que se repercutirán ás persoas e operadores con parada no termo municipal, tanto no suposto de utilización directa das indicadas instalacións como nos casos de exención da súa utilización por habilitación de paradas alternativas no termo municipal.

A dirección xeral competente en materia de transporte deberá emitir un informe vinculante no prazo de tres meses dende a recepción da proposta municipal, no que se terá en conta especialmente a garantía da máxima accesibilidade das persoas usuarias aos seus puntos de destino. Igualmente, poderá emitir informe desfavorable no suposto de reservarse a Comunidade Autónoma a súa iniciativa, por presentar un especial interese supramunicipal en canto garantía da mobilidade das persoas.

Igualmente, no caso de modificacións posteriores das tarifas que correspondan ás persoas usuarias ou aos operadores que non estea expresamente prevista no estudo económico inicialmente remitido, deberá ser igualmente remitida á consellería competente en materia de transportes, xunto cun novo estudo económico e un informe técnico da súa incidencia no sistema de transporte, quen emitirá un informe vinculante no prazo de tres meses dende a súa presentación completa no que se terá especialmente en consideración a eventual incidencia que a dita modificación poida provocar na elección do transporte público por parte das persoas usuarias.

Artigo 83 ter. Réximes de utilización das estacións de transporte de viaxeiros/as.

1. Naqueles concellos que conten con estación de transporte de viaxeiros/as, sexan de titularidade municipal ou autonómica, con carácter xeral establecerase a dita estación como punto de parada obrigatoria na totalidade de servizos públicos regulares de viaxeiros/as en autobús, agás nos casos seguintes:

a) Servizos integrados, no sentido previsto no artigo 79 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

b) Servizos con orixe, destino ou tránsito no termo municipal que non teñan parada no núcleo urbano no que se localice a estación de transporte de viaxeiros/as.

c) Servizos respecto dos que tendo parada no mesmo núcleo urbano no que se localice a estación de transportes de viaxeiros/as, sexan eximidos de tal obriga pola administración competente sobre eles ao fixar puntos de parada diferentes por resultar máis adecuados para garantir a maior accesibilidade urbana das persoas usuarias, seguindo os procedementos legalmente establecidos para tal efecto.

d) Calquera outro servizo que sexa expresamente exceptuado pola administración competente sobre el, atendendo á concorrencia de circunstancias singulares, como pode ser a hora ou período temporal de prestación, ou os colectivos de usuarios/as para os que estea especialmente previsto ou deseñado o dito servizo.

2. As estacións de transporte de viaxeiros/as terán dereito a percibir das persoas usuarias e dos operadores de transporte tarifas pola prestación do servizo que ofrecen. Con carácter xeral, as ditas tarifas percibiranas directamente das empresas operadoras respecto da totalidade de servizos de transporte que estas estivesen obrigadas a ofrecer ás persoas usuarias consonte cos seus respectivos títulos, tanto no caso dos que teñan parada na estación como no daqueles que tendo parada no termo municipal estean exentos de acceder a aquela, agás os servizos integrados.

3. O funcionamento de cada estación de transporte de viaxeiros/as será obxecto dun regulamento de réxime interior, aprobado pola Administración titular da mesma.

Sección 3ª Estradas

Artigo 25. *Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.*

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 8 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

" Artigo 8. Travesías

1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada que discorre a través dun núcleo de poboación, nos termos establecidos regulamentariamente.

2. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia, ou treitos delas, adquirirán a condición de vías urbanas cando o seu tráfico sexa maioritariamente urbano e non resulten necesarias para manter a continuidade e a coherencia das redes de estradas, nos termos establecidos regulamentariamente.

3. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia que adquiran a condición de vías urbanas entregaranse ao concello polo que estas discorran, seguindo os procedementos de cambios de titularidade previstos nesta lei."

Dous. Modifícase os apartados 2 e 3 do artigo 12 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

"2. O Plan Director de Estradas de Galicia, logo de ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, ten a consideración de plan sectorial, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio.

3. As determinacións do Plan Director de Estradas de Galicia terán a eficacia que sexa congruente coa súa finalidade, e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar.

A ese respecto, o Plan Director de Estradas de Galicia poderá conter:

a) Determinacións de aplicación directa, que prevalecerán sobre os instrumentos de ordenación urbanística. Neses casos, o Plan Director de Estradas de Galicia precisará os aspectos concretos nos que prevalecerá sobre aqueles.

b) Determinacións vinculantes, que implicarán a necesidade de modificar os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, os anteditos instrumentos de ordenación urbanística vixentes deberán adaptarse a esas determinacións no prazo dun ano desde a data da aprobación do Plan Director de Estradas de Galicia, ou con ocasión da súa primeira modificación ou revisión, no caso de que sexa anterior, agás no caso de que o propio Plan Director de Estradas de Galicia precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación ás ditas determinacións.

c) Determinacións pendentes de desenvolvemento, que non modificarán directamente os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, cando as obras ou actuacións previstas no Plan Director de Estradas de Galicia esixan unha modificación das determinacións dos instrumentos de ordenación urbanística vixentes, procederase, unha vez definida a obra ou actuación de que se trate a nivel de plan sectorial, estudo ou proxecto aprobado definitivamente, á adaptación dos devanditos instrumentos de ordenación urbanística, segundo as determinacións que se establezan neses documentos.

Tres. Modifícase o artigo 13 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

"Artigo 13. *Plans sectoriais de estradas*

1. Os plans sectoriais de estradas son os instrumentos técnicos e xurídicos de desenvolvemento do Plan Director de Estradas de Galicia, nun determinado ámbito territorial inferior ao da totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ou en relación á rede de estradas de titularidade dunha determinada administración.

2. Os plans sectoriais de estradas terán a consideración de plan sectorial, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio.

3. Os plans sectoriais de estradas prevalecerán sobre a ordenación urbanística nos aspectos relativos ao sistema viario e de comunicacións.

Para estes efectos, poderán conter:

a) Determinacións de aplicación directa, que prevalecerán sobre os instrumentos de ordenación urbanística. Neses casos, o plan sectorial de estradas precisará os aspectos concretos nos que prevalecerá sobre aqueles.

b) Determinacións vinculantes, que implicarán a necesidade de modificar os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, os anteditos instrumentos de ordenación urbanística vixentes deberán adaptarse a esas determinacións no prazo dun ano desde a data da aprobación do plan sectorial de estradas, ou con ocasión da súa primeira modificación ou revisión, no caso de que sexa anterior, agás no caso de que o propio plan sectorial de estradas precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación ás ditas determinacións.

c) Determinacións pendentes de desenvolvemento, que non modificarán directamente os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, cando as obras ou actuacións previstas no plan sectorial de estradas esixan unha modificación das determinacións dos instrumentos de ordenación urbanística vixentes, procederase, unha vez definida a obra ou actuación de que se trate a nivel de estudo ou proxecto aprobado definitivamente, á adaptación dos devanditos instrumentos de ordenación urbanística, segundo as determinacións que se establezan neses documentos.

Catro. Modifícase o apartado 2 do artigo 14 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

" 2. O procedemento para a tramitación do Plan director de estradas de Galicia e dos plans sectoriais de estradas establecerase regulamentariamente.

Para a tramitación do Plan director de estradas de Galicia e dos plans sectoriais de estradas non será necesaria a notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

O procedemento realizarase de xeito simultáneo co de avaliación ambiental de plans e programas, establecido pola lexislación básica sobre a materia.""

Cinco. Modifícase o apartado 1 do artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

"1. Os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos de interese autonómico, segundo o disposto

na lexislación autonómica de ordenación do territorio, sen que sexa precisa unha declaración previa de interese autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia.

As determinacións contidas nos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxectos de interese autonómico terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente. As entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do estudo ou proxecto de estradas deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido naquel, para o que se establecerán nel as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano desde esa data e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión, agás no caso de que o propio estudo ou proxecto de estradas precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación das ditas determinacións."

Seis. Engádese un artigo 23 bis na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia coa seguinte redacción:

"Artigo 23 bis. *Coordinación coa ordenación do territorio*.

A realización, dentro do obxecto e ámbito delimitado polo Plan director de estradas de Galicia ou polos plans sectoriais de estradas, de actuacións derivadas de estudos ou proxectos en materia de estradas que non veñan previstas naqueles non requirirá da previa modificación dos anteditos plans, cando a aprobación deses estudos ou proxectos sexa realizada polo Consello da Xunta de Galicia."

Sete. Engádese un novo apartado 5 ao artigo 47 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia coa seguinte redacción:

"5. Considérase que as autorizacións de acceso á estrada ou aos seus elementos funcionais afectan directamente ás súas calzadas e, en consecuencia, o outorgamento das autorizacións correspóndelle, en todos os casos, á administración titular da estrada, incluso cando se realicen nos seus treitos urbanos.

Do mesmo xeito, como consecuencia da súa relación cos anteditos accesos ás estradas, as parcelacións e segregacións de todas as parcelas lindeiras coas estradas requirirán a autorización da administración titular da estrada, incluso nos treitos urbanos."

Oito. Modifícase os apartado 2 do artigo 49 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento polo persoal da administración titular da estrada."

Nove. Modifícase os apartado 3 do artigo 49 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"3. Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, a administración titular da estrada comprobará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. De ser o caso, faranse constar as obxeccións de xeito pormenorizado e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección.

Será preceptivo o levantamento dunha acta de terminación no caso de todas as obras ou instalacións levadas a cabo na zona de dominio público. Nos demais supostos, so será esixible cando a administración titular da estrada condicione, na súa autorización, o uso das obras ou instalacións ao seu levantamento; de non establecerse tal condición, o levantamento da acta poderá ser substituído polos mecanismos de comprobación que se establezan regulamentariamente.

Nos casos nos que esta sexa esixible, a acta de terminación implicará o permiso de uso das obras ou instalacións das que se acredite a súa conformidade.

A acta de terminación das obras ou instalacións será elaborada pola administración titular da estrada, nos casos nos que sexa esixible, e será posta a disposición da persoa titular da autorización, quen poderá manifestar o que considere oportuno, no seu caso."

Dez. Modifícase o artigo 52 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"Artigo 52. *Accesos, parcelacións e segregacións*

1. A administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes.

2. Incorporaranse ao dominio público viario os elementos do novo acceso que se sitúen sobre a zona de dominio público.

Tamén se incorporarán ao dominio público viario os enlaces, interseccións, glorietas, pasos inferiores e superiores, vías de servizo, elementos de cambio de velocidade e aqueloutras ampliacións da plataforma da estrada ou vía de servizo orixinal que se executen como parte do proxecto do acceso, así como todos os terreos sobre os que se sitúen todos eses elementos, aínda no caso de que pertencesen ou fosen adquiridos pola persoa solicitante da autorización para executar o acceso.

A cesión dos elementos e terreos formalizarase mediante a sinatura dun documento a tal efecto. A sinatura do antedito documento de formalización da cesión será requisito previo para a celebración do acto no que se documentará a terminación das obras do acceso, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización.

3. As autorizacións referidas ás parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas, cando se pretendan levar a cabo fóra do solo urbano consolidado, só se emitirán en sentido favorable naqueles casos nos que esas actuacións non impliquen un incremento do número de accesos á estrada, nos termos establecidos regulamentariamente.

Pola súa parte, as autorizacións referidas ás parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas, cando se pretenden levar a cabo no solo urbano consolidado, só se emitirán en sentido favorable naqueles casos nos que todas as novas parcelas xeradas podan resolver o seu acceso a través doutras vías de circulación ou ben cumpran as condicións para que os seus accesos poidan ser autorizados pola administración titular da estrada.

Once. Modifícase a letra b) do apartado 3 do artigo 53 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"b) Os rótulos dos establecementos mercantís ou industriais que sexan indicativos da súa actividade, sempre que se cumpran, simultaneamente, as seguintes condicións:

1º Que se sitúen nos edificios ou terreos en que aqueles desenvolvan a súa actividade.

2º Que se sitúen máis separados da estrada que a liña límite de edificación e a unha distancia da calzada non inferior á súa altura.

No caso de edificacións preexistentes entre a calzada e a liña límite de edificación, admitiranse tamén aqueles casos nos que se xustifique que non se poden instalar rótulos máis separados da estrada que a liña límite de edificación, non se dispoña xa doutro rótulo visible dende a calzada e se trate de rótulos pintados ou instalados na propia edificación, sen voar sobre a zona de dominio público.

3º Que non inclúan comunicación adicional tendente a promover a contratación de bens ou servizos."

Doce. Modifícase o apartado 2 do artigo 58 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. A persoa causante dos danos deberá aboarlle á administración titular da estrada a indemnización polos danos e perdas ocasionados, no prazo que, para tal efecto, se lle conceda.

Así mesmo, a administración titular da estrada poderá esixirlle á persoa causante dos danos o resarcimento dos gastos que supoña a súa intervención para o auxilio público mediante persoal, xa sexa a través de medios propios ou contratados, medios de sinalización ou balizamento, a custodia de vehículos ou cargas e a retirada de restos en caso de accidente ou avaría.

No caso de que un asegurador asumise o risco derivado da responsabilidade civil da persoa causante dos danos, a administración titular da estrada poderá requirirlle directamente a aquel o pagamento da indemnización polos danos e perdas causados ao dominio público viario e polo resto de gastos aos que se refire o parágrafo anterior."

Trece. Modifícase disposición adicional primeira da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderán ser autorizadas, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable nos casos previstos nesta lei, no que á lexislación sectorial en materia de estradas se refire, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por debaixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social así cualificados.

2. As edificacións, instalacións e peches preexistentes que se vexan afectados por obras de reforma da estrada e que conten con autorización, sempre que lles fose esixible, poderán ser repostos, no prazo máximo de tres anos dende a data de finalización contractual da obra que lle afectou, pola súa persoa propietaria ou pola administración titular da actuación, coas mesmas características que tivesen e, en todo caso, fóra da zona de dominio público."

Catorce. Engádese unha disposición transitoria cuarta na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria cuarta. Reposición de edificacións, instalacións e peches preexistentes.

En relación co previsto no apartado 2 da disposición adicional primeira da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, no caso de edificacións, instalacións e peches

preexistentes que se vexan afectados por obras de reforma da estrada que foran finalizadas contractualmente con anterioridade á entrada en vigor da Lei XX/XX, de xxx , de medidas fiscais e administrativas, e que conten con autorización, sempre que lles fora esixible, poderán ser repostos, pola súa persoa propietaria, coas mesmas características que tivesen e, en todo caso, fóra da zona de dominio público, no prazo máximo de tres anos dende a entrada en vigor da Lei XX/XX, de xxx, de medidas fiscais e administrativas.

CAPÍTULO V. **Mar**

Artigo 26. *Modificación da Lei 8/2011, do 3 de decembro, de pesca de Galicia*

A letra a) do número 2 do artigo 148 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, queda redactada como segue :

"a) O comiso dos produtos ou dos bens obtidos ilegalmente, as infraccións previstas no artigo 137.G), números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 10."

Artigo 27. *Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia*

A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 ao artigo 49, coa seguinte redacción:

"1. Portos de Galicia controlará no ámbito portuario o cumprimento da normativa que afecte á admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas e da normativa que afecte á protección do medio ambiente, así como os sistemas de seguridade, incluídos os que se refiran á protección ante actos antisociais e terroristas, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos das administracións públicas, en particular as que ostenta a Administración xeral do Estado, a persoa titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de urxencias e a Axencia Galega de Emerxencias, e das responsabilidades que nesta materia correspondan ás persoas usuarias do porto.

Para os efectos previstos neste número, corresponderá aos titulares de concesións e autorizacións o cumprimento das obrigacións de coordinación de actividades empresariais en calidade de titulares do centro de traballo. Nos espazos non outorgados en réxime de concesión ou autorización, o consignatario que actúe en representación do armador responderá do cumprimento das obrigacións de coordinación durante as manobras de atracada, desatraque e fondeo do buque, e en xeral durante a estancia do mesmo no porto

salvo para as operacións de carga, estiba, desestiba, descarga ou transbordo de mercadorías ou de embarque ou desembarque de pasaxeiros. Se se realizan estas operacións ou as de entrega, recepción, almacenamento, depósito e transporte horizontal de mercadorías en espazos non outorgados en concesión ou autorización, responderá do cumprimento das obrigacións de coordinación a empresa prestadora do servizo correspondente."

Dous. O número 1 do artigo 137 queda redactado como segue:

"1. As infraccións reguladas na presente lei sancionaranse coas multas seguintes:

a) As infraccións leves, con multas de ata 60.000 euros.
b) As infraccións graves, con multas de ata 300.000 euros.
c) As infraccións moi graves, con multas de ata 600.000 euros."

Tres. Engádese un número 6 ao artigo 143, que queda redactado como segue:

"6. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución que poña fin ao procedemento sancionador será de un ano dende a data do acordo de iniciación do dito procedemento."

## CAPÍTULO VI. **Política social**

Artigo 28. *Modificación da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia queda modificada como segue:

Un. Modifícase o título da Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, que queda redactado como segue "Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos" .

Dous. Engádese un novo apartado 7 na disposición adicional novena coa seguinte redacción:

"7. De acordo co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar, 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que contempla."

Artigo 29. *Modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.*

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que queda modificada como segue:

"As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas vencidas, líquidas e esixibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas non Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación".

Dous. Modifícase o apartado 4 do artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que queda modificada como segue:

"4. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de dous meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, nun prazo máximo de seis meses desde o acordo do inicio do expediente de liquidación, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdicional contencioso-administrativa".

## CAPÍTULO VII. **Emprego**

Artigo 30. *Modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.*

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o apartado 3 do artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado coma segue:

"3. O consello reitor presentará asinada electrónicamente para o seu depósito no rexistro de cooperativas competente, dentro do prazo de dous meses, contados desde a súa aprobación pola asemblea xeral as contas anuais e o informe de xestión asinados por quen exerza a presidencia e a secretaría, ou administrador único e, se procede, o informe

do órgano de intervención ou, se é o caso, o informe de auditoría externa, as certificacións acreditativas do acordo de aprobación das contas anuais e da distribución ou imputación dos resultados así como do número de cooperativistas."

Dous. Un. Modifícase o apartado 4 do artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado coma segue:

"4. Con carácter complementario ao depósito dos documentos indicados no número anterior, poderá depositarse no rexistro de cooperativas a memoria social asinada electrónicamente consonte aos modelos aprobados polo Consello Galego de Cooperativas."

Artigo 31. *Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico* .

Modifícase o artigo 26 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, que queda redactado coma segue:

"Artigo 26. *Reserva de contratos a centros especiais de emprego de iniciativa social* e *empresas de inserción sociolaboral*

1. De conformidade co disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia, fixarase a porcentaxe mínima de reserva do dereito para participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos, a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción reguladas, respectivamente, no texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobada mediante Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa para ter esta consideración, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, a condición de que a porcentaxe de traballadores/as con discapacidade ou en situación de exclusión social dos centros especiais de emprego de iniciativa social, das empresas de inserción ou dos programas sexa o previsto na súa normativa de referencia e, en todo caso, polo menos o 30 por 100. No referido Acordo do Consello da Xunta de Galicia, fixaranse as condicións mínimas para garantir o cumprimento do establecido neste parágrafo.

2. Será susceptible de reserva calquera obxecto contractual, sector de actividade, procedemento de adxudicación e contía. A consellería con competencias en materia de economía social porá a disposición dos órganos de contratación a información que posúa

sobre a existencia de centros especiais de emprego de iniciativa social ou empresas de inserción que realicen ou se dediquen á actividade obxecto do contrato, a fin de facilitar, de ser o caso, a súa cualificación como reservado.

A reserva deberá mencionarse no título do contrato e no anuncio de licitación.

Cando, tras seguirse un procedemento dun contrato reservado, non se presentase ningunha oferta ou as ofertas non foran adecuadas, poderase licitar de novo o contrato sen efectuar a reserva inicialmente prevista, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións iniciais. O importe de dito contrato computará a efectos de integrar a porcentaxe de reserva que se teña establecido para ese exercicio.

3. O importe global dos contratos reservados será, como mínimo, dun 5% calculado sobre a suma dos importes de adxudicación, con IVE, dos contratos menores e contratos abertos simplificados aos que se refire o apartado 6 do artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, incluídos nos códigos CPV recollidos no anexo VI da dita Lei 9/2017, de 8 de novembro e adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior polo sector público autonómico.

4. A Xunta de Galicia fomentará ao máximo criterios sociais nas contratacións que realice, e potenciará a xeración de emprego para as persoas con discapacidade.

5. As empresas e entidades beneficiarias da reserva deberán estar legalmente constituídas e cumprir os requisitos necesarios para o exercicio da súa actividade.

6. Nos procedementos de contratación nos que se aplique a reserva, non procederá a esixencia de garantías provisionais ou definitivas, salvo nos casos en que o órgano de contratación, por motivos excepcionais, o considere necesario e así o xustifique motivadamente no expediente.

7. Constituirase unha Comisión de Seguimento, formada por unha persoa en representación da Xunta de Galicia, unha persoa representante da patronal maioritaria dos centros especiais de emprego de iniciativa social de Galicia e outra das empresas de inserción para que, con carácter trimestral, poda valorar a aplicación da reserva de contratos. A Comisión de Seguimento proporá, á persoa titular da consellería con competencias en materia de economía social, a fixación da porcentaxe mínima de reserva á que se refire o apartado 1 deste artigo, para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

8. Tras o peche de cada exercicio orzamentario, e para os efectos de realizar un adecuado seguimento da reserva de contratos, presentarase ante a Comisión de Seguimento un informe detallado que conterá a listaxe e o importe total dos contratos, ou lotes dos mesmos, reservados e adxudicados a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, reflectindo a execución da reserva no exercicio orzamentario pechado. Dito informe publicarase no Portal web institucional da Xunta de Galicia."

## CAPÍTULO VIII. **Vivenda**

Artigo 32. *Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 33, que queda redactado como segue:

"3. O importe das fianzas depositadas poderá ser destinado a investimentos para a promoción, construción e rehabilitación de vivendas protexidas de promoción pública, a actuacións directas en núcleos antigos ou suxeitos a un proceso de renovación urbana, á dotación de fondos de cooperación cos concellos para o impulso de actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación urbana así como para a adquisición e promoción de vivenda de nova construción, a medidas de fomento do alugamento e a políticas de fomento do dereito á vivenda previstas nesta lei, sempre que quede garantida a devolución das fianzas que sexan reclamadas no tempo e na forma que proceda."

Dous. Engádese un artigo 74 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 74 bis. *Procedemento extraordinario de adxudicación directa das vivendas protexidas de promoción pública de titularidade do Instituto galego da vivenda e solo*

1. As vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto galego da vivenda e solo poderán adxudicarse directamente, previa tramitación do procedemento extraordinario previsto neste artigo, sempre que se trate de satisfacer as necesidades urxentes de vivenda daquelas persoas que non poidan acollerse a outro programa do Instituto galego da vivenda e solo e que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Perda da vivenda habitual como consecuencia de catástrofes naturais, estragos ou outros supostos análogos de forza maior.

b) Especial vulnerabilidade social ou risco de exclusión.

c) Mulleres vítimas de violencia de xénero en situación de precariedade económica que cesaran a convivencia co agresor no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de emisión do informe dos servizos sociais municipais que conste no expediente para a adxudicación directa da vivenda, así como as fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se encontrasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

d) As que se establezan con base noutras circunstancias extraordinarias que se determinen nos programas específicos de acceso á vivenda protexida que aprobe a administración autonómica.

2.O procedemento de adxudicación iniciarase por acordo da Comisión Provincial da Vivenda, por propia iniciativa da dita comisión ou a instancia da Dirección Xeral do Instituto galego da vivenda e solo . Acordado o inicio do expediente solicitarase informe dos servizos sociais do concello do último domicilio da unidade de convivencia, se non constase xa xunto coa solicitude. Este informe terá o carácter de preceptivo e non vinculante. Ademais, a Comisión Provincial poderá solicitar cantos informes e documentos adicionais estime procedentes. A Presidencia do Instituto galego da vivenda e solo , á vista da proposta da Comisión Provincial de Vivenda e, se é o caso, de cantos informes e documentos estime procedentes, resolverá sobre o asunto. A dita resolución pon fin á vía administrativa.

3.A adxudicación directa efectuarase en réxime de arrendamento, agás que o programa específico ao que se acolla a persoa adxudicataria prevea a posibilidade de ocupación temporal en atención aos seus ingresos.

4. As vivendas de promoción pública que poderán ser obxecto do procedemento de adxudicación directa regulado neste artigo deberán ser adecuadas para atender ás concretas necesidades de vivenda da persoa interesada. Non poderán ser obxecto deste procedemento as vivendas de promoción pública incluídas nun procedemento ordinario de adxudicación en tanto se manteñan vixentes as listas resultantes do correspondente sorteo."

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 108, que queda redactado como segue:

"2. Sen prexuízo do disposto no punto 5 deste artigo, cando a persoa responsable da infracción sexa unha persoa adxudicataria, por calquera título, dunha vivenda protexida, as contías das sancións serán as seguintes:

a) As infraccións leves, con multa de 150 ata 1.500 euros.

b) As infraccións graves, con multa de 1.501 ata 15.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa de 15.001 ata 30.000 euros."

Catro. Modifícase a disposición adicional terceira , que queda redactada como segue:

"Disposición adicional terceira. *Efectos do silencio administrativo*

As solicitudes de cualificación, modificación de cualificación ou descualificación de vivendas protexidas, así como as solicitudes de autorización de disposición ou de visado de

contratos de vivendas protexida ou as solicitudes de actuacións protexidas reguladas nesta lei entenderanse desestimadas por silencio administrativo, conforme o disposto no punto 1 do artigo 24 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Os mesmos efectos terá o silencio administrativo en relación coas renuncias e coas solicitudes de adxudicación de vivendas e locais de propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de cambio de réxime das vivendas de promoción pública e, en xeral, con todas as solicitudes que impliquen a asunción de dereitos ou facultades sobre as vivendas protexidas que, segundo o previsto nesta Lei deban ser obxecto de autorización por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo."

Cinco. Modifícase a disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional vixésima primeira. *Axudas do bono de alugueiro social* e *do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica*

1. Para efectos do previsto na alínea a) do número 2 do artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica teñen a consideración de axudas prestacionais de carácter asistencial.

2. A normativa reguladora das devanditas axudas determinará os requisitos para ter a condición de persoa beneficiaria e o procedemento para a súa concesión no que deberán cumprirse os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación."

Seis. Engádese a disposición adicional vixésimo segunda, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional vixésimo segunda. *Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda de nova construción*

1. Créase o fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda como un fondo sen personalidade xurídica de seu, para a xestión de instrumentos financeiros de préstamos sen xuros aos concellos para a adquisición e promoción de vivenda de nova construción.

2. Poderanse acoller ao fondo os concellos que cumpran as condicións que se establezan mediante resolución da Presidencia do IGVS, co obxecto de financiar, mediante un préstamo, sen xuros, concedido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a adquisición e promoción de vivenda de nova construción con destino ao alugueiro social ou a aquelas outras finalidades que se determinen por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3. O fondo dotarase a partir dos depósitos procedentes das fianzas de arrendamento co importe máximo que, logo da autorización por parte da consellería competente en materia de facenda, se estableza mediante unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo. As devolucións efectuadas polos concellos pasarán novamente a formar parte fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda para que poida ser reutilizado en novas disposicións por parte dos concellos.

4. O devandito fondo será xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, quen determinará o procedemento de solicitudes, condicións e procedemento de concesión dos préstamos, e contará cunha contabilidade separada da do ente instrumental, coa que presentará os seus estados orzamentarios e contables de xeito consolidado. En todo caso, estará sometido ao réxime de auditoría, control e rendición de contas que lle resulte aplicable ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

5. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos deberán estar vinculados a unha conta operativa propia e separada das do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

6. Tendo en conta a procedencia e a afectación das cantidades que dotan este fondo, os concellos non poderán compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, poidan deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

7. As cantidades dispostas e non reintegradas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, chegada a data de vencemento parcial ou total do préstamo, consideraranse vencidas, líquidas e exixibles, para os efectos da súa compensación con cargo ao Fondo de Cooperación Local."

## CAPÍTULO IX. *Sanidade*

### Artigo 33. *Modificación da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.*

Engádese unha nova Disposición adicional segunda na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia coa seguinte redacción:

"Disposición adicional segunda. Aplicación das medidas de vacinación no marco das competencias estatais de coordinación xeral da sanidade e da estratexia nacional de vacinación.

A medida prevista no número 5 da letra b) do número 2 do artigo 38, se entenderá sen prexuízo do carácter voluntario da vacinación con carácter xeral e aplicarase sempre

de acordo co establecido para cada patoloxía pola Administración Xeral do Estado no exercicio das súas competencias de coordinación xeral da sanidade, na Estratexia Nacional de vacinación que estea vixente en cada momento e no marco do que se determine polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. As campañas articularanse sobre o principio da colaboración voluntaria das persoas afectadas coas autoridades sanitarias e estas ofrecerán información, en todo caso, dos posibles riscos relacionados coa adopción ou non adopción destas medidas.

Artigo 34. *Medidas extraordinarias en materia de planificación e ordenación de recursos humanos para o fortalecemento da atención primaria en Galicia*.

1. Co obxecto de dar resposta adecuada ás necesidades actuais da atención primaria, garantindo a continuidade asistencial con criterios de calidade e tendo en conta as dificultades excepcionais relacionadas coa escaseza de profesionais médicos de familia, as actuacións previstas no Plan galego de atención primaria 2019-2021, e a necesidade de establecer cambios na prestación asistencial e na ordenación dos recursos humanos dos equipos de atención primaria, adóptanse con carácter extraordinario as medidas que figuran neste artigo, sen afectar aos dereitos que a normativa vixente recoñece ao persoal médico que presta actualmente servizos con vínculo de fixeza nese nivel asistencial.

2. Créase, no Servizo Galego de Saúde, a categoría estatutaria de facultativo/a especialista de atención primaria, dentro do colectivo de persoal estatutario sanitario de formación universitaria, de nivel licenciado ou graduado con título de especialista en ciencias da saúde (subgrupo A1).

As funcións desta categoría serán as funcións inherentes ás competencias profesionais especificadas no programa de formación de médico/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria. As devanditas funcións desenvolveranse coas regras especiais en canto aos lugares de prestación do servizo, dispoñibilidade e xornada previstas neste artigo, que particularizan as especificidades desta categoría.

En particular, por necesidades derivadas da garantía da continuidade asistencial en todos os dispositivos de atención primaria, dentro das tarefas específicas deste persoal, establécese o desenvolvemento necesariamente das súas funcións e prestación de servizos, tanto nos centros de saúde como nos puntos de atención continuada. Os lugares concretos de prestación de servizos concretaranse, para cada praza ofertada, na correspondente convocatoria.

3. Para acceder á categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título oficial de médico/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e superar as correspondentes

probas de selección, consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e na restante normativa aplicable.

4. Dentro do respecto ao réxime de xornada tanto ordinaria como complementaria que establece o Estatuto Marco, a xornada do persoal facultativo/a especialista de atención primaria será a vixente como ordinaria para o persoal médico de familia, máis a complementaria para prestar servizos de atención continuada nun tramo que se concretará, para cada praza ofertada, na correspondente convocatoria.

5. Sen prexuízo do disposto nos números 2 e 4 anteriores, as xerencias das áreas sanitarias poderán ofertar ao persoal da nova categoría a realización de atención continuada nos servizos de urxencia hospitalaria. Esta prestación terá carácter voluntario para os/as profesionais.

6. As retribucións do persoal facultativo/a especialista de atención primaria serán, por unha parte, as vixentes para o persoal médico de familia das unidades de atención primaria. Se é o caso polo seu ámbito de prestación, os factores do complemento de produtividade fixa aboaranse tendo en conta a media do dito complemento nos diversos centros de traballo.

Dadas as condicións de traballo especiais desta categoría, con xornada superior e prestación en unidades e puntos de atención continuada, dispoñibilidade e diferentes localizacións, os seus postos de traballo contarán cunha retribución complementaria adicional, de carácter fixo e periódico e devindicación mensual, para atender a esa singularidade.

A atención continuada efectivamente realizada, tanto nos puntos de atención continuada como, de ser o caso, nos servizos de urxencia hospitalaria, retribuirase coas contías correspondentes ás gardas do persoal facultativo.

O persoal facultativo/a especialista de atención primaria poderá participar de acordo coa letra c) do artigo 7 do Decreto 226/96, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, nos obxectivos e programas prefixados polo Servizo Galego de Saúde coa correspondente asignación individual das contías derivadas do grao de cumprimento dos mesmos (complemento de produtividade, factor variable). Os obxectivos e o seu seguimento poderán adaptarse ás peculiaridades da categoría. As contías e demais condicións para a percepción deste complemento serán as mesmas que se establecen con carácter xeral para o persoal médico de atención primaria.

7. O persoal facultativo/a especialista de atención primaria, estatutario fixo da categoría, poderá participar nos procesos de selección das categorías de médico/a de familia, médico/a de urxencias hospitalarias e persoal médico de hospitalización a domicilio, pola quenda de promoción interna, cando cumpra os requisitos comúns, estea en situación

de servizo activo naquela categoría e acredite dous anos de permanencia nesa situación administrativa.

8. O persoal da nova categoría poderá solicitar o grao I de carreira profesional da mesma cando acredite un período de tres anos de servizo activo, no seu grao inicial, o último día do prazo que a convocatoria anual estableza para a presentación de solicitudes. Esta medida excepcional aplicarase ata a convocatoria de acceso aos graos de carreira profesional do ano 2027.

9. En atención ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo, e, en particular, ao grave déficit de persoal médico no ámbito da atención primaria, o Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e control da consellería con competencias en materia de sanidade, poderá nomear persoal estatutario temporal de carácter eventual, como persoal médico técnico de saúde, que desenvolverá funcións de apoio en atención primaria nos ámbitos da xestión da incapacidade temporal, prevención da enfermidade ou calquera outro que demanden as necesidades da atención sanitaria e a protección da saúde. Estes nomeamentos poderán formalizarse ata o 31 de decembro de 2026 .

O ámbito funcional deste persoal respectará a normativa básica en materia de emprego público, ordenación das profesionais sanitarias, réxime da seguridade social e calquera outra que resulte de aplicación ás funcións asignadas.

Para acceder a estes nomeamentos será indispensable estar en posesión do título de grao ou licenciatura en medicina e da formación adicional que, de ser o caso, se estableza en atención ás funcións específicas que deba realizar o persoal nomeado.

## CAPÍTULO X. **Industria, comercio e consumo**

Artigo 35. *Modificación do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*.

Modifícase o artigo 79 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que queda modificado como segue:

“Artigo 79. *Procedemento de declaración e implantación*

1. O procedemento para a declaración dunha proposta de investimento como proxecto industrial estratéxico iniciarase a instancia de parte mediante solicitude da empresa interesada dirixida á consellería competente en materia de economía, achegando a seguinte documentación:

a) O proxecto de implantación ou de ampliación da instalación industrial, incluíndo a regulamentación detallada do uso pormenorizado, volume, características técnicas e funcionais e condicións de deseño e adaptación ao medio ambiente.

b) A memoria descritiva detallada das características técnicas das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do proxecto, así como do ámbito territorial afectado. Na devandita memoria incluiranse os planos de situación e localización, a escala adecuada, das instalacións, así como a determinación gráfica do trazado e das características dos accesos viarios e das redes de condución e distribución.

c) Unha memoria na que se xustifique:

1.º A maneira en que a proposta, de ser realizada, dará lugar a unha expansión significativa do tecido industrial galego ou á consolidación deste.

2.º A viabilidade económico-financeira da actuación.

d) A idoneidade da localización elixida, así como a relación do contido do proxecto co plan urbanístico vixente, coas directrices de ordenación do territorio mediante a correspondente análise de compatibilidade estratéxica e co Plan de ordenación do litoral.

e) O documento ambiental que resulte esixible.

f) A relación detallada dos bens necesarios afectados, describíndoos na forma que determina o artigo 17 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

2. A consellería remitirá a documentación presentada ao Instituto Galego de Promoción Económica, que emitirá informe en que se constate o cumprimento dos requisitos para a declaración. Visto o informe, a persoa titular da consellería elevará proposta ao Consello da Xunta sobre a declaración do proxecto industrial estratéxico.

3. Tras a declaración polo Consello da Xunta do proxecto industrial estratéxico, a consellería competente en materia de economía continuará a tramitación da súa implantación se o é tamén por razón da materia. En caso contrario, remitirá o expediente á consellería a que corresponda a competencia.

4. A consellería competente por razón da materia impulsará de oficio os trámites necesarios para a implantación do proxecto, solicitando todos os informes que resulten precisos para a súa avaliación, en particular os relativos á súa compatibilidade coa ordenación do territorio e co medio ambiente.

Cando o proxecto afecte terreos que, de conformidade coa lexislación urbanística, deban ser clasificados como chan rústico de especial protección, esixirase o informe fa-

vorable do organismo que teña a competencia sectorial por razón do correlativo valor obxecto de protección.

5. Os proxectos a que se refire este capítulo serán sometidos a un trámite de información pública de quince días mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e seralles aplicable a normativa en materia de avaliación ambiental.

6. A persoa titular da consellería competente por razón da materia remitiralle ao concello correspondente o proxecto de que se trate, para que no prazo de quince días notifique a súa conformidade ou desconformidade co plan urbanístico en vigor.

No caso de desconformidade, o expediente seralle remitido á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para a emisión de informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

7. A persoa titular da consellería competente por razón da materia elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a aprobación do proxecto industrial estratéxico.

8. Aprobado o proxecto polo Consello da Xunta, a persoa titular da consellería competente por razón da materia remitiralle ao concello un exemplar do proxecto de implantación ou de ampliación da instalación industrial, e será posible o inicio das obras.

Artigo 36. *Modificación da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia*

Engádese un apartado 3 ao artigo 67 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia coa seguinte redacción:

"3. A cámara que asuma tales funcións non quedará, directa ou indirectamente, vinculada polos saldos debedores derivados da liquidación da cámara extinguida, dos cales responderá exclusivamente o seu patrimonio. Así mesmo, o exercicio de tales funcións non implicará, en ningún caso, a asunción de responsabilidade algunha, nin principal nin subsidiaria, en relación cos dereitos e obrigas derivados das actuacións realizadas pola cámara extinguida."

Artigo 37. *Modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.*

Un. Modifícase o apartado 29 do artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, que quedan redactado como segue:

"29. A introdución, existencia ou mantemento dunha cláusula abusiva nos contratos cos consumidores."

Dous. Modifícase o apartado 43 do artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias , que quedan redactado como segue:

"43. Non devolución ou abono aos consumidores de cantidades indebidamente cobradas, retidas ou abonadas polos consumidores por gastos que non lle correspondan, en especial como consecuencia da aplicación de cláusulas abusivas ou a realización de prácticas abusivas, da entrega de bens ou prestación de servizos non solicitados ou non prestados efectivamente, ou do exercicio do dereito de desistimento, revogación, inexistencia de relación de consumo ou calquera outra circunstancia; así como a non remoción dos efectos para os consumidores derivados das accións ou situacións anteriores."

Tres. Engádense os apartados 44, 45, 46 e 47 do artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, coa seguinte redacción:

"44. Incumprir as disposicións ou resolucións administrativas sobre a prohibición de venda, comercialización ou distribución de determinados bens ou calquera outra en relación á seguridade dos produtos.

45. Facilitar información, ou introdución ou aplicación de cláusulas non claras ou non transparentes para o consumidor.

46. Sempre que estea permitida a modificación unilateral pola empresa dun contrato cun consumidor, non xustificarse pola empresa que o consumidor foi notificado de xeito fidedigno das modificacións contractuais, os seus efectos e dereitos que lle asisten e que tomou coñecemento pleno disto, ou facelo incumprindo o prazo establecido para elo.

47. Non acreditarse pola empresa o cumprimento dos requisitos de información, claridade e transparencia da información facilitada ou das obrigas de calquera tipo exixidas pola normativa reguladora das comunicacións comerciais a distancia, ou por calquera outra normativa relativa a comunicacións a distancia con consumidores."

Artigo 38. *Modificación da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

A Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental queda modificada como segue:

Un. Modifícase o apartado 7 do artigo 33, que queda redactado como segue:

"7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, ao efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos na disposición adicional quinta."

Dous. Engádese unha Disposición adicional quinta que queda redactada como segue:

"Disposición adicional quinta. *Distancias a núcleos de poboación*

Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe mais pala).

Estes requisitos de distancias serán aplicables a todos os parques eólicos que se constrúan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia."

Tres. Engádese unha Disposición adicional sexta que queda redactada como segue:

"Disposición adicional sexta. *Planificación de novas solicitudes de parques eólicos*

1. Atendendo ao número dos proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos, e co obxecto de procurar unha ordenación racional do sector, durante o prazo de 18 meses dende a entrada en vigor da Lei xx/2021, de medidas fiscais e administrativas, non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos.

Esta disposición non impedirá a modificación dos proxectos xa admitidos a trámite.

2. Exceptúanse do establecido no número anterior aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de enerxía.

3. Atendendo aos eventuais desistimentos, renuncias, declaracións de caducidade ou resolucións desestimatorias das solicitudes xa presentadas, o Consello da Xunta de Galicia motivadamente poderá reabrir temporalmente o prazo para presentar novas solicitudes utilizando como referencia os MW en trámite."

Catro. Engádese unha Disposición transitoria sétima que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta*.

1. Os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás novas solicitudes e ás modificacións substanciais de proxectos que requiran unha nova tramitación ambiental, que se presenten con posterioridade á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas.

2. Así mesmo, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás solicitudes de autorización de parques eólicos que se encontren pendentes de admisión á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas e que se presentaran despois do 20 de outubro de 2021.

Para estes casos, concédese un prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para que os suxeitos promotores poidan modificar os seus proxectos ou desistir deles. En caso de que desistan, os promotores terán dereito a recuperar as garantías presentadas."

Cinco. Engádese unha Disposición transitoria oitava que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria oitava. *Tramitación de expedientes sen permisos de acceso e conexión*

1. Os proxectos admitidos a trámite con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que non dispoñan de permiso de acceso e conexión, disporán dun prazo de 12 meses dende a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para obter un permiso de acceso e conexión, debendo procederse ao arquivo da solicitude en caso contrario.

2. Os proxectos admitidos a trámite con posterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que perderan ou perdan a vixencia dos permisos de acceso e conexión, disporán dun prazo de 12 meses, a contar dende a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas ou dende a data de perda de vixencia se é posterior,

para obter un novo permiso de acceso e conexión, debendo procederse ao arquivo da solicitude en caso contrario."

## CAPÍTULO XI. **Coordinación de policías locais**

Artigo 39. *Modificación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais*

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais , queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 32, que queda redactado como segue:

"2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria terán, como mínimo, o seguinte contido:

a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, o corpo e, no seu caso, a escala ou categoría laboral.

b) As condicións e requisitos que deben reunir as persoas aspirantes.

c) O sistema selectivo de aplicación, con indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, no seu caso, os baremos de puntuación dos méritos.

d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial.

e) A orde de actuación das persoas aspirantes.

f) O réxime de aplicación ao órgano de selección.

g) As características, efectos e duración dos cursos e/ou do período de prácticas que haxan de realizar, no seu caso, as persoas seleccionadas.

Para os efectos do previsto no artigo 16.a) os concellos remitirán as bases das convocatorias, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ao centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais para a emisión do correspondente informe, que terá carácter preceptivo e será emitido nun prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da recepción das bases polo centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais."

Dous. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

"Artigo 33. *Requisitos para o acceso*

1. Sen prexuízo do establecido nos artigos 37 a 42, ámbolos dous incluídos, os requisitos para o acceso aos corpos de policía local son os seguintes:

a)Ter nacionalidade española.

b) Ter cumpridos os dezaoito anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Calquera outro requisito específico de acceso que garde relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desenvolver.

2. Para o acceso ás categorías de policía, oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente, reguladas no artigo 35 e nos artigos 37 a 42, ámbolos dous incluídos, será condición necesaria a superación dos correspondentes cursos selectivos de carácter obrigatorio na Academia Galega de Seguridade Pública.

3. Para os efectos do previsto nos artigos 37.a), 38.a), 39.a), 40.a), 41.a) e 42. a) sobre o acceso mediante promoción interna, esixirase que, ademais dos requisitos establecidos nos referidos artigos, o persoal funcionario se atope en situación de servizo activo. Nestes supostos, os tres anos de antigüidade mínima exixida en cada caso na categoría inmediata inferior, deben ser continuados e para o seu cómputo se terán en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivera a consideración de persoal funcionario en prácticas, así coma os períodos durante os cales se atopase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

Do mesmo xeito, nos supostos previstos nos artigos 38 c), 39.c), e 40.c), para o cómputo dos seis anos de antigüidade mínima exixidos en cada caso nas categorías establecidas nos referidos artigos, se terán en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivera a consideración de persoal funcionario en prácticas, así coma os períodos durante os cales se atopase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación."

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 35, que queda redactado como segue:

"3. As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico, incluíndose nas mesmas, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega, a través da celebración dun exame, salvo para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente."

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 35, que queda redactado como segue:

"4. Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente.

Seis. Deixase sen contido a letra b) do artigo 37.

Sete. Modifícase a letra c) do artigo 37, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía Local de Galicia coa categoría de policía, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de cinco anos na categoría."

Oito. Deixase sen contido a letra b) do artigo 38.

Nove. Modifícase a letra c) do artigo 38, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de 6 anos de servizo como persoal funcionario de policía."

Dez. Deixase sen contido a letra b) do artigo 39.

Once. Modifícase a letra c) do artigo 39, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de inspector/a e oficial, en posesión da titulación

académica de acceso á categoría e unha antigüidade de 6 anos de servizo como persoal funcionario de policía."

Doce. Deixase sen contido a letra b) do artigo 40.

Trece. Modifícase a letra c) do artigo 40, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de inspector/a principal e inspector/a, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de 6 anos de servizo como persoal funcionario de policía.

Catorce. Modifícase o artigo 41, que queda redactado como segue:

"Artigo 41. *Acceso á categoría de intendente principal*

O acceso á categoría de intendente principal realizarase por promoción interna, mediante concurso, entre membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de intendente."

Quince. Modifícase o artigo 42, que queda redactado como segue:

"Artigo 42. *Acceso á categoría de superintendente*

O acceso á categoría de superintendente realizarase por promoción interna, mediante concurso, entre membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de intendente principal."

Dezaseis. Modifícase o artigo 43, que queda redactado como segue:

"Artigo 43 . *Mobilidade*

1. O persoal funcionario de carreira dos corpos de policía local de Galicia pertencente ás categorías de policía, oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente, poderá participar nos procesos de provisión de postos vacantes da súa mesma categoría noutros corpos de policía local da comunidade autónoma.

2. Para estes efectos, os concellos reservarán, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas vacantes que se oferten para a súa cobertura por mobilidade. Cando non fose posible cubrir as vacantes coa porcentaxe sinalada, as fraccións sobrantes acumularanse á seguinte ou seguintes convocatorias.

3. A provisión por mobilidade de prazas correspondentes as distintas categorías dos corpos de policía local de Galicia levarase a cabo polo procedemento de concurso de acordo co baremo establecido polo centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais.

4. Para participar nos procesos de mobilidade ás prazas vacantes ofertadas, será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría da praza ofertada.

b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na mesma categoría.

c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.

d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

e) Estar en posesión da titulación académica esixida para a categoría ou estar en condicións de obtela.

f) Calquera outro requisito específico que garde relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desenvolver.

5. Para os efectos do previsto no artigo 16.a) os concellos remitirán as bases das convocatorias, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ao centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais para a emisión do correspondente informe, que terá carácter preceptivo e será emitido nun prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da recepción das bases polo centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais.

6. Os destinos adxudicados no concurso serán irrenunciables, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obtivera outro destino mediante convocatoria pública. Neste caso deberase optar e comunicar a opción elixida.

7. O persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas.

8. A Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes que se vaian a cubrir polo sistema de mobilidade naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración."

Dezasete. Engádese un número 5 ao artigo 87, coa seguinte redacción:

"5. Na resolución pola que se incoe o procedemento sancionador nomearase a unha persoa instrutora e a unha persoa secretaria, a cuxo cargo correrá a súa tramitación. O nomeamento da persoa instrutora recaerá en persoal funcionario pertencente á categoría ou escala igual ou superior á persoa presuntamente infractora, e no caso de que fora igual, deberá ocupar un número anterior no escalafón. No suposto de que exista persoal funcionario das escalas superior e técnica procurarase que o nomeamento recaía en persoal funcionario pertencente a ditas escalas. En defecto de persoal funcionario de categoría ou escala igual ou superior, nomearase unha persoa funcionaria da Administración local, de igual ou superior grupo de clasificación. Poderá nomearse como persoa secretaria a calquera persoal funcionario municipal coa formación adecuada."

## CAPÍTULO XII. **Universidades**

Artigo 40. *Modificación da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.*

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo artigo 19 bis. na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, coa seguinte redacción:

"Artigo 19 bis. *Acreditación de centros e unidades de I+D+i do sistema universitario de Galicia.*

1. A Xunta de Galicia promoverá a integración, interacción, o fortalecemento das capacidades investigadoras e o liderado a través do apoio e financiamento de estruturas organizativas estables de investigación que permitan afrontar os retos que a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento á sociedade precisan.

2. Con tal finalidade, as universidades poderán solicitar respecto dos seus centros e unidades de I+D+i, de ámbito superior ao grupo, definidas no artigo 5 desta Lei, agás as escolas de doutoramento que se sometan a un procedemento de acreditación e análise externo que acredite a súa excelencia científica, técnica ou artística e a súa conveniencia estratéxica para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

A citada acreditación permitirá participar a tales centros e unidades nas convocatorias e outros instrumentos que para tales efectos a Administración autonómica poida promover coa finalidade de impulsar a mellora, a calidade e o impacto da investigación realizada en Galicia e potenciar o efecto tractor que estas unidades exercen sobre o conxunto do sistema.

3. Regulamentariamente estableceranse os requisitos, o procedemento para a acreditación, a súa revogación, a renovación das acreditacións e o seu prazo de vixencia. Así mesmo, determinarase a composición e funcións da comisión de avaliación e os criterios aplicables.

4. Correspóndelle á Xunta de Galicia, mediante acordo do Consello da Xunta, a acreditación daqueles centros e unidades de I+D+i que cumpran os citados requisitos.

5. O acordo de acreditación recollerá os seguintes aspectos: a denominación, os centros e as institucións participantes e, se é o caso, as condicións da participación das administracións públicas así como o prazo de vixencia da mesma.

Os centros e unidades de I+D+i que sexan acreditados pola Xunta de Galicia poderán facer mención desa acreditación nos seus nomes e política de comunicación.

6. O prazo de resolución e notificación do procedemento de acreditación a que se refire este artigo será de oito meses, dende a presentación da solicitude de acreditación no rexistro correspondente. A non resolución dentro do prazo indicado faculta aos interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Dous. Modifícase o número 6 do artigo 77 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, coa seguinte redacción: que queda redactado como segue:

6. A duración do mandato dos membros do consello social sinalados no punto 2 será establecida polos estatutos da universidade, e a duración do mandato dos membros do consello social sinalados no punto 3 será de catro anos, renovable por unha soa vez, agás no caso do presidente ou presidenta do consello social que será renovable por períodos de catro anos

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 83 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, que queda redactado como segue:

1. O presidente ou a presidenta do consello social será designado ou designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou a reitora da universidade.

O seu mandato é de catro anos, renovable por períodos de igual duración, e élle aplicable o previsto nesta lei con carácter xeral para o cesamento e a substitución dos membros do consello social.

Exerce, no pleno e en todas as comisións, as competencias propias da presidencia dun órgano colexiado, con voto de calidade en caso de empate, e aquelas que lle enco-

mendan esta lei, o regulamento de organización e funcionamento e a restante normativa vixente.

## CAPÍTULO XIII. **Procedemento e organización administrativa**

Artigo 41. *Modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia* e *do seu sector público*

Engádese unha nova disposición adicional quinta á Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, co seguinte contido:

"Disposición adicional quinta. *Garantía do principio de autoprovisión* e *dos obxectivos de interese público na asistencia xurídica do sector público autonómico*

1. Tendo en conta o establecido no artigo 5 desta lei en canto ao carácter de interese público da prestación de asistencia xurídica e ao principio de autoprovisión dentro do sector público autonómico, as entidades ás que se refire o apartado 3 do artigo 2 deberán acudir con preferencia á Asesoría Xurídica Xeral para obter a prestación da asistencia xurídica mediante a formalización do correspondente acordo, coa excepción daqueles casos nos que a autoprovisión non resulte viable e así sexa apreciado pola Asesoría Xurídica Xeral, de acordo co previsto nesta Lei e no artigo 18 da Lei 14/2013, do 23 de decembro, de racionalización do sector público.

2. A finalización da prestación da asistencia requirirá, así mesmo, que a autoprovisión non resulte viable de acordo co establecido no número anterior, polo que a extinción dos acordos de autoprovisión da asistencia xurídica polo transcurso do tempo previsto neles ou por outras causas non obstará á formalización dun novo acordo salvo que a autoprovisión non resulte viable, manténdose namentres a prestación da asistencia xurídica.

3. De acordo cos principios de simplificación e racionalización administrativa, o Consello da Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias de dirección, organización e coordinación do sector público autonómico, poderá aprobar modelos-tipo dos acordos de autoprovisión da asistencia xurídica así como a compensación económica que se abonará á Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia pola actuación dos letrados da Xunta de Galicia ou, no seu defecto, os criterios para fixala.

4. A Asesoría Xurídica Xeral velará polo reforzamento da asistencia xurídica integral e especializada ás entidades do sector público autonómico, a coordinación da súa defensa xurisdicional e a especialización e formación dos letrados que leven a cabo dita asistencia xurídica.

5. Coa finalidade de cumprir os obxectivos de interese público previstos no artigo 5 da Lei, a Asesoría Xurídica Xeral continuará prestando ás entidades do sector público autonómico a asistencia xurídica que se está desenvolvendo na actualidade nos termos previstos nos acordos de autoprovisión xa formalizados, sen prexuízo da súa posible revisión e actualización.

Así mesmo, a Asesoría Xurídica Xeral, aínda que non estea formalizado o correspondente acordo de autoprovisión, prestará asistencia xurídica a todas as entidades do sector público autonómico nos casos nos que sexa necesaria esta prestación por non acreditarse a concorrencia das circunstancias que habilitan para a contratación externa, sen prexuízo de que se procure a formalización do acordo de autoprovisión para concretar os termos da asistencia. Neste caso, a compensación económica pola actuación dos letrados da Xunta de Galicia axustarase ao establecido polo Consello da Xunta de acordo co previsto no número 3 desta disposición".

## CAPÍTULO XIV. **Réxime financeiro e orzamentario**

Artigo 42. *Modificación do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia*

O Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 79, que queda redactado como segue:

"4. Os anticipos de fondos europeos percibidos para financiar gastos en fase de execución poderán ter, transitoriamente, tratamento extraorzamentario ou de pasivo financeiro, que se cancelará no momento en que se certifique o gasto e se efectúe o contraído do recurso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital."

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 79, que queda redactado como segue:

"5. Non poderán ter tratamento extraorzamentario os anticipos de fondos previstos no número anterior cando a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais con orzamento de carácter limitativo resulten beneficiarios de axudas financiadas con fondos europeos xestionados pola Administración xeral do Estado para os que se conveña a realización de anticipos reembolsables."